

CARTOS PÚBLICOS PARA O ENSINO PRIVADO. ATA CANDO?

Actualmente estanse a destinar máis de 1000 millóns de euros para financiar o ensino privado

Ata cando teremos que agardar para ter un goberno que faga do ensino público o eixo da súa política educativa. Para o STEG todo o poder político segue preso de políticas educativas do pasado que ningún grupo se atreve a cambiar de rumbo nun claro exercicio de rendibilidade electoral. Unha política que teña como referente a escola pública debe contar cun plan dirixido á consecución dun único modelo de ensino financiado con cartos públicos. Desta forma o camiño a seguir será a optimización dos recursos públicos e non o despilfarro e a subvención que, na maioría dos casos, responden a idearios dunha relixión concreta.

É de sentido común desde o punto de vista económico o despilfarro que supón manter un colexio concertado cando temos prazas suficientes na pública. É un malgasto manter aulas da pública case baleiras e seguir a aumentar os concertos a carón destas escolas (ex. en Compostela o Colexio La Salle fronte ao CEIP Santiago Apóstolo). Ninguén dubidaría hoxe de negar o pagamento con cartos públicos dun médico privado a alguén que non fai uso da seguridade social e decide empregar o privado. Por qué entón se permite no ensino galego?

O argumento da liberdade de elección, empregado pola patronal non é máis que unha falacia encubridora dunha eiva maior: a inexistencia da oferta de prazas públicas ao 100% da poboación galega. Esa é a auténtica liberdade de elección: a posibilidade de elixir unha praza no ensino público. Demandar da administración a subvención dunha rede cando xa hai unha existente está fora de toda lóxica económica

Non debemos esquecer o inicio da existencia da concertada: o emprego de centros construídos mentres non se facía unha rede de centros públicos. Pensamos que a día de hoxe a realidade mudou o suficiente para a iniciar a progresiva diminución destas subvencións ás empresas privadas de ensino ata a súa completa desaparición

Lonxe de achegarnos a este ideal do STEG a realidade confirma outro vieiro:

- Aumento de concertos nos tramos non obrigatorios: Educación Infantil e Bacharelato, coa argumentación de falla de prazas escolares. Aínda que fose certo nalgúns casos, é obriga da Administración galega o aumento de prazas públicas para a igualdade da oferta para todas as galegas e galegos.
- Aumento de concertos na FP
- Aumento da ratio nos concertados cando existen prazas na pública

Este apoio institucional á concertación está a provocar un desvío de cartos públicos (tan necesarios para a nosa escola) para un ensino privado. Nos orzamentos da consellería de educación deuse un aumento para estas empresas de case un 5% con respecto ao anos pasado. Resulta alarmante que se aumente este capítulo cando outros están a reducirse: case un 7% menos na prevención do abandono escolar, un 13% de redución na formación do profesorado...

Ademais da cuestión económica, un aspecto que tamén resulta preocupante é o pouco control que exerce á administración sobre o cumprimento das condicións dos espazos destes centros como o caso do Colexio A Milagrosa de Lugo onde o alumnado emprega de patio un xardín público.

Agardamos da Administración que denegue os concertos cando non se cumpran as condicións mínimas para exercer a docencia. Por desgraza o presente e o pasado non nos fan albergar grandes esperanzas de que haxa unha actuación nesta dirección. Só o éxito da nosa recente campaña contra os concertos que segregaban por sexo lévanos a outear un anaco de ilusión.

Neste sentido demandamos do vindeiro goberno galego o inicio da desprivatización do ensino e o uso destes cartos para a escola pública pois é a única integradora, inclusiva, democrática, non sexista, e, en definitiva de todas e todos nós.

Secretariado Nacional do STEG